1. COMENTARIO DE TEXTO

Son de todos coñecidos os graves acontecementos que se rexistraron estes días na nosa cidade. Como cristiáns non podemos quedar indiferentes (…). Porque quizais todos nós, uns máis, outros menos, sexamos culpables desta situación co noso egoísmo, coa nosa incomprensión, coa nosa intransixencia, a nosa incapacidade de diálogo, as nosas posturas irreconciliables (…).

1. Todo acontecemento da vida laboral (…) encerra sempre o anhelo da clase traballadora de mellorar a súa propia condición (…).

2. A realización deste anhelo de promoción colectiva non pode lograrse se o mundo obreiro e tódalas clases non teñen a facultade de reunirse e deliberar, nun clima de diálogo e respecto mutuo (…).

6. Ante a morte de irmáns mortos, so oímos a voz do Sinaí: “Non matarás”. Oímos tamén a voz do mundo actual que busca medios pacíficos para eliminar a violencia (…). Desexamos e pedimos con toda a forza da nosa palabra que estas mortes sexan as últimas. Que se utilicen medios adecuados para restablecer a orde pública, como está en uso nas sociedades modernas, sen recorrer ao uso das armas contra muchedumbres desarmadas.

Miguel Ángel Araújo (bispo de Mondoñedo-Ferrol). Homilía para ser lida nas igrexas da diocese. 12-III-1972.

1. Ponlle título a este texto e sitúao cronoloxicamente.
2. Describe os sucesos ocorridos na cidade de Ferrol aos que fai referencia o texto e as causas que os provocan.
3. Comenta brevemente as ideas principais do texto e analiza a transcendencia das afirmacións do bispo.
4. Que repercusións ten para o réxime franquista e para a Igrexa este texto? En que medida cambian as súas relacións?
5. Avalía as consecuencias desta decadencia para a evolución da economía galega.